

Autor: **ESCO & GÜILMON**

Encadernado en cartóné. Inclúe contenedor
60 páxinas. 16x16 cm. Imaxes en color.
Colección Alfabetos. ISBN 978-84-96388-90-1

Prezo: 17 €

EL VIAJE

de la A a la Z en 27 falsas estampas

“...A orde alfabética establecía unha ruta, un desprazamento no espazo e no tempo. Dalgunha maneira, a utilización ordeada do alfabeto impoñía unha causalidade a unha secuencia de imaxes creadas de forma casual, improvisadas...”



Esco&Güilmon suma a súa obra á colección 'Alfabetos' de KALANDRAKA, iniciada con senllos libros de Miguel Calatayud e Pablo Otero; as 27 letras do abecedario volven a converterse en pezas máxicas que suxiren viaxes, accións, palabras, ideas, soños, experimentos... que o autor moldea e converte en obra de arte, apoiándose nas súas formas, ritmos, sons ou carga simbólica, e sempre con absoluta liberdade creativa e fidelidade ao seu estilo artístico que, neste caso destaca polo carácter ecléctico.

Este singular catálogo de letras inspírase nunha intervención do poeta visual Joan Brossa nun parque de Barcelona, ao que se accede atravesando unha A xigante. A partir desta creación, e enlazando co movemento romántico do século XVIII e a obra pictórica do alemán Caspar David Friedrich, Esco&Güilmon aúna ideas como liberdade, natureza e busca constante de coñecemento.

A súa obra é o resultado dun laborioso traballo de collage dixital, a partir de fotografías de lugares e obxectos tomadas polo autor, a partir das cales constrúe novas paisaxes que invitan ao lector a adentrarse nunha aventura onde as letras son punto de partida e destino. E como en toda viaxe, acaban confundíndose os lugares, esaxerándose os detalles e envolvendo de misterio as experiencias. Como dice o autor, “magnificar as experiencias da viaxe, desproporcionais, non é mentir; é só engadir estímulos para seguir viaxando”.

- **Temática:** libro de arte e de autor; recreación visual e conceptual das letras do alfabeto
- **Idade:** infantil e principalmente adultos
- **Aspectos destacables:** técnicas de collage fotográfico dixital
- **Aplicacións:** educación plástica e visual; conceptos artísticos; creatividade

ESCO & GÜILMON (ALEX ESCORIHUELA, Barcelona, 1963)

Estudou Deseño Gráfico na Escola Llotja de Barcelona, e Publicidade e Xornalismo na Universidade Autónoma de Barcelona. Traballou para varios estudos e axencias publicitarias como ilustrador, deseñador gráfico e fotógrafo. Esco&Güilmon aparece como sinatura nas súas primeiras ilustracións para o Diario de Barcelona, El Periódico de Catalunya e outras publicacións. Finalmente estableceuse como ilustrador e deseñador gráfico publicitario; tamén dirixiu o departamento gráfico do Festival Internacional de Cine de Sitges durante dez edicións. Crea carteis para películas de directores como Ventura Pons, Antonio Chavarrías, Marc Recha ou La Fura dels Baus, e máis recentemente Woody Allen, Brian de Palma e Isabel Coixet. Na actualidade é socio fundador da axencia La Companyia & Güilmon, onde traballa como director artístico.

